

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**6941** *Real decreto 520/2015, do 19 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 1133/2010, do 10 de setembro, polo que se regula a provisión do servizo de información de voo de aeródromos (AFIS), respecto ao período transitorio para a realización dos estudos aeronáuticos de seguridade.*

O Real decreto 1133/2010, do 10 de setembro, polo que se regula a provisión do servizo de información de voo de aeródromos (AFIS), establece os requisitos conforme os cales a provisión deste servizo de tránsito aéreo se considera necesario e suficiente para a realización de operacións aéreas nos aeródromos de uso público.

A experiencia acumulada desde a adopción deste real decreto, así como a práctica das operacións aéreas nos países da nosa contorna, aconsella flexibilizar o réxime previsto neste real decreto e, para este efecto, débese proceder á súa modificación.

Neste contexto cómpre ampliar o período transitorio previsto na disposición transitoria primeira do Real decreto 1133/2010, do 10 de setembro, para a realización dos estudos aeronáuticos de seguridade previstos no seu artigo 9, para que estes estudos e as medidas que conforme eles se deban adoptar respondan ás necesidades reais que se determinen na futura modificación deste real decreto.

Con este obxecto, demórase a exixibilidade dos citados estudos aeronáuticos de seguridade ata o 31 de decembro de 2016, prazo suficiente para que se procedese á modificación do Real decreto 1133/2010, do 10 de setembro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento e do ministro de Defensa, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de xuño de 2015,

#### DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1133/2010, do 10 de setembro, polo que se regula a provisión do servizo de información de voo de aeródromos (AFIS).*

Modifícase a disposición transitoria primeira del Real decreto 1133/2010, do 10 de setembro, polo que se regula a provisión do servizo de información de voo de aeródromos (AFIS), que pasa a quedar redactada nos seguintes termos:

«Disposición transitoria primeira. *Normas transitorias sobre aeródromos.*

Os aeroportos e aeródromos civís de uso público que, na data de entrada en vigor deste real decreto, non dispoñan de servizos de control de aeródromo e estean nalgún dos supostos previstos no artigo 9, disporán ata o 31 de decembro de 2016 para realizaren os estudos aeronáuticos de seguridade que regula este real decreto e para se adecuaren ao disposto nel.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de xuño de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN